

DATA DE
RECEPCIÓN:
09/09/2015

DATA DE
ACEPTACIÓN:
21/10/2015

Ana Margarida Ramos e Carmen Ferreira Boo (eds.)

La Familia en la Literatura Infantil y Juvenil /

/ A Família na Literatura Infantil e Juvenil

Ilust. Miriam Reis


Lourdes Lorenzo García, Blanca-Ana Roig Rechou e

Veljka Ruzicka Kenfel (coords.)

Vigo / Braga: ANILIJ / ELOS / CIEC

2013, 60 pp. (libro de resumos) / 437 pp. (e-book)

(ISBN: 978-972-8952-26-6)



Laura Blanco Casás

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

laurablancocasas@gmail.com

O concepto de familia caracterízase pola súa variabilidade ao longo dos tempos, debido a que a composición, valores e ideoloxías desa unidade sempre responderon a contextos históricos e sociolóxicos determinados, aínda que cómpre destacar que nunca deixou de desempeñar unha función primordial na estrutura básica de organización da sociedade e de ser instrumento esencial no proceso educativo da infancia e mocidade.

Á cuestión da familia non foi allea a Literatura Infantil e Xuvenil, posto que os seus textos plasman a existencia de diferentes tipos de familia, dende as máis tradicionais (familia nuclear e familia extensa) até aquelas que foron xurdindo nos últimos anos (familia monoparental, familia ensamblada e familia homoparental), así como evidencian o papel que nelas exerceron e exercen figuras como a feminina e as complicadas relacións establecidas entre os seus diferentes membros. Máis alá dos lindes temáticos, tampouco hai que esquecer a notoriedade adquirida pola Literatura para as primeiras idades no seo de moitas familias, nas que cada vez son máis os pais e nais que recorren aos seus textos para levar a cabo a tarefa de mediación entre os fillos e a práctica lectora que potencie o seu imaxinario, instale neles o hábito lector e contribúa, en definitiva, á súa formación.

Blanco Casás, Laura (2015).

La Familia en la Literatura Infantil y Juvenil / A Família na Literatura Infantil e Juvenil (2013),
Elos. Revista de Literatura Infantil e Xuvenil, 2, "Recensións", 173-179. ISSN 2386-7620

Nestes alicerces aséntase o monográfico *La familia en la Literatura Infantil y Juvenil / A Família na Literatura Infantil e Juvenil*, que ten o seu xermolo nas reflexións feitas nas II Jornadas Internacionais de Crítica e Investigación en Literatura Infantil y Juvenil celebradas na facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo, no mes de maio de 2012, baixo o tema “La Familia en la Literatura Infantil y Juvenil”. Trátase do cuarto volume da serie “Estudos” que se nutre da colaboración científica entre a Asociación Nacional de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil (ANILIJ), a súa sección ELOS (Asociación Galego-Portuguesa de Investigación en Literatura Infantil e X/Juvenil) e o Centro de Investigação em Estudos da Criança (CIEC) do Instituto de Educação da Universidade do Minho.

A semellanza das anteriores entregas, *La Familia en la Literatura Infantil y Juvenil / A Família na Literatura Infantil e Juvenil*, sae á luz nun volume impreso, no que se inclúe unha explicación da súa xestión e contidos, o índice de colaboradores e os resumos das súas respectivas achegas en portugués, castelán e inglés, cuxo texto íntegro se reproduce no CD-ROM que o acompaña.

Tras a introdución clarificadora das editoras Ana Margarida Ramos e Carmen Ferreira Boo, sucédense un total de trinta textos que corresponden aos estudos, reflexións e experiencias sobre a temática da familia provenientes de ámbitos lingüísticos e literarios, así como de espazos culturais, ben diversos, cunha especial énfase en España e Portugal, pero abeirándose tamén a outros países máis afastados como Italia, Alemaña ou Estados Unidos.

Entre as múltiples perspectivas dende as que se ten focalizado o tema da familia, sitúanse os traballos orientados cara á análise de como se interpretou a realidade familiar e a súa influencia no discurso narrativo. Nesta liña sitúase o artigo de Carmen Ferreira Boo que se centra en dúas novelas xuvenís da escritora galega Marilar Aleixandre, *Rúa Carbón* e *A cabeza de Medusa*, para referir os seus diferentes tipos de familia e a súa proxección na trama narrativa, ademais de abordar o retrato dos seus membros e as súas relacións interpersoais. Un enfoque semellante é o aplicado por Vanessa R. Ferreira da Silva noutras dúas narracións xuvenís, nas que a familia actúa como un elemento ficcional relevante no desenvolvemento da trama e na configuración dos seus personaxes, aínda que, neste caso, prima a análise comparativa debido a que as obras escollidas pertencen a autoras diferentes: a galega Teresa González Costa, con *A filla do ladrón de bicicletas*, e a brasileira Lygia Bojunga Nunes, con *Corda bamba*.

Dentro deste catálogo de representacións familiares tamén destacan aquelas colaboracións nas que o interese xira sobre todo ao redor das pezas literarias portadoras dos



de Ana Margarida Ramos e Carmen Ferreira Boo (eds.)

novos modos de vida familiar, que están a aumentar en número por esa notoria sincronía que se está a producir entre a Literatura Infantil e Xuvenil e a realidade máis inmediata. Así, Maria da Conceição Tomé e Glória Bastos toman como punto de partida un *corpus* de novelas xuvenís de carácter realista, que foron publicadas por escritores portugueses entre 1995 e 2010, coa pretensión de detallar os modelos familiares que nelas se difunden e comprobar de que xeito recollen as mudanzas sociais das últimas décadas, profundando nos lazos de unión entre os personaxes adolescentes e os seus proxenitores, nas imaxes de parentesco recreadas e nos conflitos familiares expostos. Tamén dende Portugal, mais dende unha escolla na que prima o álbum ilustrado para prelectores e lectores iniciais, Ana Margarida Ramos amplifica o tratamento que se lle ten dado á homoparentalidade dende unhas obras que procuran fomentar a aceptación da diferenza, poñendo en valor a compoñente afectiva das relacións interpersoais e cuestionando comportamentos homofóbicos. Sen saír do rexistro do álbum, aínda que partindo dunha selección de álbums en catalán, Xavier Mínguez e Núria Olmos fíxanse na presenza ou ausencia dos diferentes modelos de familia e vinculan o traballo sobre a diversidade co que se vén denominando “ler interculturalmente”. Fóra desta modalidade literaria, Avelino Rego examina a visualización das novas estruturas familiares dende unha soa obra, *Amigos y Vecinos*, de Lawrence Schimel e Sara Rojo, que salienta por conter un discurso combativo contra a intolerancia, a intransixencia e os prexuízos que aínda latén na cidadanía con respecto aos modelos familiares non tradicionais. Así mesmo, aínda que tomando como referencia o personaxe do “fillo”, Alba Alonso sérvese da obra de Cheryl Kilovadis, *My Princess Boy*, para expoñer as razóns pola que é preciso madurar para comprender mellor as entidades das familias do século XXI.

Malia que moitas destas achegas xa proxectaron diversidade de imaxes sobre os vínculos que manteñen moitos dos personaxes e que non deixan de ser un reflexo fiel do que adoita acontecer nas familias, un monllo de artigos desta monografía temática préstalle unha especial atención a esta cuestión. Dende os clásicos infantís, Fernando Azevedo focaliza a atención nas relacións da familia en *Peter Pan*, de James Barrie e *Pipi Calzaslargas*, de Astrid Lingred, para cuestionar os lugares da familia nun marco socioeducativo global; mentres que, dende os clásicos da literatura institucionalizada, Lourdes Lorenzo e Beatriz M^a Rodríguez reparan en *El Quijote de la Mancha*, de Miguel de Cervantes, para aludir ás posíbeis

interpretacións da relación entre o fidalgo cabaleiro e a súa sobriña Antonia Quijana e determinar os motivos que levaron aos adaptadores a empregar estratexias dispares de transvase nalgunhas adaptacións infantís e xuvenís á lingua inglesa. Por outra banda, Juan Senís detense sobre todo en dúas entregas de Carmen Martín Gaité, “El pastel del diablo”y *Caperucita en Manhattan*, para amentar as problemáticas relacións materno-filiais derivadas da oposición entre unha moza intelixente e imaxinativa e unha nai máis simple e convencional, o que se engarza co enfrontamento entre os valores materialistas e espirituais tan palpábel na literatura para os máis novos da escritora castelá. As relacións interxeracionais volven agromar no texto de Elvira Luengo, quen descobre os xogos de oulipo nos relatos de Ana Maria Machado, que recollen eses vaivéns cara ao pasado e o futuro e subliñan a inseparábel relación da familia coa influencia na construción da identidade infantil.

Constitúe a nai e, en menor medida o pai, unha das figuras claves do universo familiar, polo que outras colaboracións se acercan á reconfiguración dos esquemas do modelo materno. É este o caso da asinada por Carmen García, quen se fai eco dos resultados sobre os novos tipos de nai identificados (nai empresaria, nai ausente...), a través da observación dun feixe de relatos infantís e xuvenís de autores europeos das tres últimas décadas para xa, no tocante aos dous proxenitores, Sara Reis da Silva fixarse na colectánea de *Contos de Grimm para Meninos Valentes*, na que Alice Vieira parece acentuar algúns dos trazos menos convencionais do retrato psicolóxico das figuras paterna e materna.

Máis alá de meditar sobre o papel da muller dentro do núcleo familiar, tamén se incide na comparativa con respecto aos roles máis comúns dos homes en achegas como a de M^a Pilar González, que tomou o discurso dos textos audiovisuais de tres películas de animación significativas na historia de Disney, *La Cenicienta*, *Los Rescatadores* e *Mulan*, así como das súas traducións para a dobraxe, co afán de testemuñar a relevancia do aspecto lingüístico na perpetuación de estereotipos de xénero. Tamén dende os contos infantís clásicos, Alexandra Marti aproxímase ao papel atribuído ás princesas que pode ser tanto o de “muller-obxecto” coma o de “muller-suxeito”, á vez que pon en cuestión a permanencia destas imaxes da muller ou a necesidade de readaptalas a esquemas máis actuais. Con esa mesma intención de romper cos fíos da tradición lévase a cabo un proxecto na Universidade de Vigo, que Celia Vázquez explica e sinala que ten como obxectivo buscar os mecanismos que identifiquen as causas polas que se continúan a distribuír libros de contos ilustrados con patróns sexistas para o ensino do inglés nas primeiras etapas escolares.



de Ana Margarida Ramos e Carmen Ferreira Boo (eds.)

Sen perder de vista a figura da muller como protagonista e, neste caso tamén como receptora, M^a José Corvo achega máis luz sobre a literatura para mozas señoritas escrita na segunda metade do século XIX en alemán e coñecida co termo *Backfischliteratur*. Para iso contextualiza e determina esta modalidade literaria, ademais de atender a súa tipoloxía e afrontar o comentario dalgúns dos textos desta literatura didáctica de casos e vidas de mulleres novas que reproducen os diferentes escenarios, nos que adoita transcorrer a vida das protagonistas e destinatarias: o fogar familiar e a escola. Unha perspectiva oposta e ben particular é a aplicada por Xulio Pardo de Neyra, quen acolle unha visión sobre os conceptos de familia e tradición nos símbolos androcéntricos dende a representación da serea en textos como “La Serpe”, de Emilia Pardo Bazán e *El cuento de Sirena*, de Gonzalo Torrente Ballester.

Outra das figuras máis relevantes nas obras sobre a temática da familia é a do avó, a quen se retrata como ponte transmisora de aprendizaxes entre xeracións e como guía e cómplice daqueles máis novos, alén de seren vistas como persoas que han de ser respectadas e que aínda manteñen a ilusión por vivir. É este o caso de Iria Míguez quen esmiúza o papel dos avós nas obras narrativas de Fina Casalderrey, así como de Isabel Mociño e Blanca-Ana Roig que se deteñen no álbum ilustrado *Avós*, de Chema Heras e Rosa Osuna, no que, dende a tenrura, o humor, se trata a figura dos anciáns, a percepción do paso do tempo e a deconstrución dalgúns aspectos do sistema social. A imaxe recreada do avó nestas obras galegas non dista en gran medida da que se atopa nas obras da literatura española e italiana seleccionadas por Gloria Bazzochi, nas que pon o acento na relación que manteñen cos seus netos, o que os converte en auténticos mestres de vida de fundamental importancia para a transmisión cultural dunha xeración a outra.

As dramáticas experiencias vividas polas familias en contextos hostís tamén foron ficcionalizados en numerosos textos que xa teñen sido tratados en volumes monográficos como *A guerra civil española na narrativa infantil e xuvenil* (2008), coordinado por Blanca-Ana Roig, Isabel Soto e Pedro Lucas, e *La Guerra Civil española en la narrativa infantil y juvenil (1936-2008)* (2012), tamén coordinado por Blanca-Ana en colaboración con Veljka Ruzicka e Ana Margarida Ramos. Ao proxecto de investigación “La Guerra Civil Española en la narrativa infantil y juvenil”, do que saíu este último volume, está vinculada Mar Fernández, quen indaga nas rupturas familiares provocadas pola guerra civil española que se reproducen

nas novelas en lingua galega de Marina Mayoral: *Chamábase Luís*, *Tristes armas* e *Quen matou a Inmaculada de Silva?*. Outrosí, ao estudo da interrelación entre familia e situacións de guerra, concretamente da Segunda Guerra Mundial, dedícase Liliana Sofia Sousa Costa quen se apoia na tradución ao portugués *Diário de Anne Frank* e na obra *Mouschi, o gato de Anne Frank*, esta última de José Jorge Letria, para observar como se ve a familia en contextos bélicos, analizando a forma na que os autores abordan a temática estudada, comparando a realidade – exposta no diario- e a ficción –na voz de Mouschi.

Aínda que a familia como instrumento formativo plana sobre parte dos artigos xa citados, Fermín Ezpeleta detense en dúas novelas autobiográficas de colexio tan de moda na España de principios do século XX, *Pedrito de Andía*, de Rafael Sánchez Mazas e *La vida sale al encuentro*, de José Luis Martín Vigil, que, a contracorrente das narracións da época, valoran a educación familiar como factor esencial na formación integral do adolescente. Na procura desa formación que pode exercer a institución familiar, esta pode recorrer a múltiples materiais, entre os que María Jesús Barsanti destaca os refráns, esa recompilación do saber popular no que se interna para esmiuzar os múltiples puntos de vista que o refraneiro español ten sobre os piares nos que se sustentan os principios básicos da educación que os pais deben transmitir aos seus fillos. Tamén insisten na capacidade das creacións infantís para a formación dos máis novos os artigos de Paula Marques e Fernando Azevedo, que esgrimen as súas posibilidades para educar ante a confluencia de culturas, así como de M^a Mar Muñoz e M^a Sandra Fragueiro, que falan da riqueza dos contos de fadas na transmisión de valores sociais e literarios e mesmo da súa importancia no desenvolvemento infantil.

No tocante á educación literaria, Lúcia Barros, Ana Barbosa, Carminda Lomba e Augusta Almeida dan a coñecer o proxecto “Lê para mim, que depois eu conto...”, un proxecto de mediación lectora no que algunhas familias portuguesas asumen o papel de mediadores para achegarlles lecturas apropiadas aos fillos, despois de asistir a unhas sesións dirixidas por profesoras bibliotecarias que lles dan a coñecer lecturas e outras formas de ler. Sen saír da función mediadora da familia e do ámbito portugués, Maria da Graça Sardinha e João Machado fan unha proposta de lectura de obras infantís e xuvenís incluídas no Plan Nacional de Lectura de Portugal e integradas na perspectiva de que as familias deben colaborar cos axentes literarios na formación de lectores, ademais de asentárense nunha visión plural que entende a cultura como un instrumento necesario para a formación de lectores. Neste mesmo sentido, Santiago Yubero, Sandra Sánchez e Elisa Larrañaga inciden na importancia da familia na



de Ana Margarida Ramos e Carmen Ferreira Boo (eds.)

consolidación do hábito lector por ser modelo e estar capacitada par levar a cabo prácticas educativas, un proceso un tanto complexo, polo que se fan eco dos materiais que elaboran no Centro de Estudos de Promoción de la Lectura y Literatura Infantil (CEPLI) para facilitar a promoción da lectura dende o contexto familiar. Entre eles, as guías de lectura nas que os mediadores poden atopar seleccións de libros e propostas de actividades que lles axuden a iniciar o diálogo e a reflexión cos seus fillos dende a lectura.

Con este achegamento á monografía *La familia en la Literatura Infantil y Juvenil / A Família na Literatura Infantil e Juvenil* preténdese, xa que logo, ofrecer un avance dos seus contidos a todos os interesados neste ámbito literario, sexa como estudosos sexa como mediadores, para convidalos a que se internen nas súas páxinas. Unha visita que, de seguro, non os defraudará, pois todos os traballos son froito de intensas horas de lectura e investigación e revelan análises e conclusións ben meditadas e esclarecedoras, ao mesmo tempo que contribúen a unha maior visualización da produción literaria infantil e xuvenil e mesmo a prestixiala por ser abordada dende presupostos teóricos e metodolóxicos actuais e multidisciplinares.

